

**INFORME SOBRE INCIDENTES DE ODIO POR RAZÓN
DE ORIENTACIÓN SEXUAL E IDENTIDADE DE
XÉNERO ACONTECIDOS NO ÁMBITO DA
COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA**

2023

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Política Social e Igualdade

EDICIÓN

Dirección Xeral de Promoción da Igualdade

CONTACTO

igualdade.xunta.gal

igualdade@xunta.gal

Santiago de Compostela, 2025

Contido

1. XUSTIFICACIÓN.....	5
2. METODOLOXÍA.....	6
3. INCIDENTES DE ODIOS POR ORIENTACIÓN SEXUAL E IDENTIDADE DE XÉNERO.....	7
3.1. FONTES EXTERNAS AO OBSERVATORIO GALEGO LGBTIQ+.....	7
3.1.1. Oficina Nacional de Loita Contra os Delitos de Odio.....	7
Incidentes de odio en Galicia en 2023.....	10
Evolución do incidentes de odio por orientación sexual e identidade de xénero en Galicia.....	11
Comparativa dos incidentes de odio por orientación sexual e identidade de xénero en España.....	11
Información sobre os feitos coñecidos e os feitos esclarecidos en Galicia.....	12
Perfil da autoría.....	13
Perfil da vítima.....	13
3.1.2. Informe da Valedora do Pobo.....	14
Introdución.....	14
Datos cuantitativos.....	16
Ámbito da saúde.....	17

Ámbito da xustiza.....	18
3.2. OBSERVATORIO GALEGO LGBTIQ+.....	19
3.2.1. Denuncias remitidas ao <i>Observatorio contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero</i>	19
3.2.2. Informe do Observatorio Coruñés contra a LGTBIfobia de ALAS A Coruña Asociación LGBTIQ+.....	21
Número de Incidentes e Agresións.....	21
Tipoloxía dos Incidentes de Odio.....	22
Espazos onde ocorren os Incidentes.....	23
Distribución Xeográfica dos Incidentes.....	23
4. CONCLUSIÓNS.....	24

1. XUSTIFICACIÓN

O 22 de outubro de 2018 publicouse no Diario Oficial de Galicia o *Decreto 131/2018, do 10 de outubro, polo que se crea e se regula o Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero*, coa finalidade de dar cumprimento ao previsto no artigo 7.2 da *Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia*, o cal estipula que os poderes públicos de Galicia establecerán un diálogo fluído e colaborarán coas asociacións, organizacións e colectivos LGBTI que teñan un interese lexítimo na loita contra a discriminación por razón de orientación sexual ou identidade de xénero.

En virtude do Decreto 131/2018, do 10 de outubro, procedeuse á creación do *Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero* como o órgano colexiado de asesoramento, colaboración institucional e participación social en materia de diversidade de orientación sexual e de xénero no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Na xuntanza constituínte do Observatorio, que tivo lugar o 21 de xuño de 2019 acordouse dotar o Observatorio dun Regulamento de funcionamento interno. Este texto foi posteriormente aprobado no pleno do Observatorio que se realizou o 6 de xuño de 2021. No Capítulo IV deste regulamento, referido a Informes e propostas, recóllese o seguinte:

Artigo 15. Elaboración de informes

1. Correspóndelle ao Observatorio emitir un informe, con carácter anual e a presentar no primeiro trimestre do ano, a partir da recollida de datos acerca dos incidentes de odio por razón de orientación sexual e identidade de xénero acontecidos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e, de ser o caso, das intervencións realizadas polo Observatorio, de acordo cos fins establecidos no artigo 3 do Decreto 131/2018.

Este informe sobre os incidentes de odio en Galicia, ademais de dar resposta ao artigo 15 do regulamento do Observatorio, responde ás recomendacións e aos estándares internacionais que se derivan do dereito internacional dos dereitos humanos tanto no seu ámbito universal como, especialmente, no rexional europeo.

A compilación de datos sobre incidentes de odio recollidos neste informe, permite facer unha avaliación crítica da situación que vive o colectivo LGBTI, sensibilizar a sociedade contra a LGBTIfobia e xerar mellores instrumentos de intervención comunitaria e de actuación institucional.

2. METODOLOXÍA

Para a elaboración deste informe contouse con fontes oficiais e con datos achegados polas entidades que forman parte do Observatorio LGBTIQ+, concretamente co informe do Observatorio Coruñés contra a LGTBIfobia “Unha diversidade libre”, elaborado pola asociación ALAS A Coruña Asociación LGTBI+.

As fontes de información externas ao Observatorio Galego LGBTIQ+ foron as seguintes:

- Oficina Nacional de Loita contra os Delitos de Odio. Dirección Xeral de Coordinación e Estudos. Secretaría de Estado de Seguridade do Ministerio do Interior.
- Valedora do Pobo

Con respecto á información recollida da Dirección Xeral de Coordinación e Estudos, os datos recollidos proveñen de dúas fontes principais:

- O Informe sobre a evolución dos delitos de odio en España. 2023
- O portal estatístico de criminalidade. 2023

A información obtida da Valedora do Pobo foi recollida do último informe correspondente ao ano 2023.

A información recollida do *Observatorio contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero* responde ás denuncias de incidentes de odio que se fixeron chegar ao Observatorio durante o ano 2023.

3. INCIDENTES DE ODIO POR ORIENTACIÓN SEXUAL E IDENTIDADE DE XÉNERO

3.1. FONTES EXTERNAS AO OBSERVATORIO GALEGO LGBTIQ+

3.1.1. Oficina Nacional de Loita Contra os Delitos de Odio

A Organización para a Seguridade e Cooperación en Europa (OSCE) define os delitos de odio como “toda infracción penal, incluídas as cometidas contra as persoas ou a propiedade, onde o ben xurídico protexido, elíxese pola súa, real ou percibida, conexión, simpatía, filiación, apoio ou pertenza a un grupo. Un grupo baséase nunha característica común dos seus membros, como a súa raza, real ou percibida, a orixe nacional ou étnica, a linguaxe, a cor, a relixión, a idade, a discapacidade, a orientación sexual, ou outro factor similar”.

Esta definición implica unha posterior adaptación á lexislación propia de cada Estado, polo que o marco dos delitos de odio e discriminación non corresponde propiamente a unhas categorías xurídicas concretas na nosa lexislación penal, senón que se refire a un conxunto de condutas que en ocasións poden tipificarse como novas, e noutras xa están tipificadas no Código Penal ou en normas administrativas.

No Informe sobre a evolución dos delitos de odio en España e no portal estatístico de criminalidade, recóllense de forma separada as “infraccións administrativas e outros tipos de incidentes de odio” dos supostos “delitos de odio”, para atender ás recomendacións dos organismos internacionais. **Ao longo deste informe emprégase o termo “incidentes de odio” como termo paraugas dentro do cal se inclúen tanto delitos como infraccións con compoñente de odio.**

Na codificación das estatísticas de criminalidade, existe a figura do ámbito ou contexto delituoso. Este campo inclúe as circunstancias e/ou condicións nas que se desenvolve un feito criminal. Partindo desta premisa, o ámbito que se computaría como “delito de odio por orientación sexual ou identidade de xénero” é calquera feito que sinala a existencia

dun móbil de odio ou discriminación cara a vítima pola súa orientación sexual/identidade de xénero.

Por **feitos coñecidos** enténdese o conxunto de infraccións penais e administrativas, que foron coñecidas polas distintas Forzas e Corpos de Seguridade, ben por medio de denuncia interposta ou pola actuación policial realizada motu proprio (labor preventiva ou investigación).

Os **feitos esclarecidos** clasifícanse como tales cando no feito se dean algunhas das seguintes circunstancias:

- › Detención do autor "in fraganti".
- › Identificación plena do autor ou algún dos autores, sen necesidade de que estea detido, aínda que se atope en situación de liberdade provisional, fuxido ou falecido.
- › Cando exista unha confesión verificada, probas sólidas ou cando haxa unha combinación de ámbolos dous elementos.
- › Cando a investigación revele que, en realidade, non houbo infracción.

A continuación presentamos un extracto do informe emitido pola Oficina Nacional de Loita contra os Incidentes de Odio referente ao ano 2023. Todos os incidentes de odio recollidos neste informe trátanse de delitos de odio por supoñer infraccións penais.

Incidentes de odio en Galicia en 2023


Os incidentes de odio máis numerosos rexistrados en Galicia en 2023 foron por racismo/xenofobia, con 36 infraccións penais, o que supuxo o 31% dos incidentes rexistrados, seguido dos incidentes por ideoloxía que supuxeron o 30% e, en terceiro lugar, **os incidentes por orientación sexual e identidade de xénero, con 23 infraccións penais, supuxeron un 20% do total de incidentes de odio rexistrados.**

Táboa 1: Número de incidentes de odio por colectivo. Galicia. 2023



Fonte: Portal estatístico de criminalidade. Ministerio do Interior

Táboa 2: Número de incidentes de odio por colectivo. Galicia. 2022



Fonte: Portal estatístico de criminalidade. Ministerio do Interior

Evolución do incidentes de odio por orientación sexual e identidade de xénero en Galicia

Na táboa 3 recóllese a evolución dos incidentes de odio por orientación sexual e identidade de xénero rexistrados en Galicia dende 2016. En 2023 rexistráronse 23 casos, igual que en 2021, os datos máis altos da serie analizada.

Táboa 3: Evolución dos incidentes de odio por orientación sexual e identidade de xénero. Galicia. 2016-2023


Ano								% Variación	
2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	22/21	23/22
10	6	10	12	5	23	11	23	-52,17 %	109,09 %

Fonte: Portal estatístico de criminalidade. Ministerio do Interior

Comparativa dos incidentes de odio por orientación sexual e identidade de xénero en España

Durante o ano 2023 rexistráronse un total de 521 incidentes de odio por orientación sexual e identidade de xénero cometidos en España, 57 casos máis que en 2022. Tal e como se pode ver na táboa 4, Cataluña foi a Comunidade Autónoma onde se rexistraron máis casos (21% do total rexistrado), seguido de Andalucía (15%), Madrid (13%) e a Comunitat Valenciana (13%).

Táboa 4: Incidentes de odio por orientación sexual e identidade de xénero. España. 2023



Fonte: Portal estatístico de criminalidade. Ministerio do Interior

Información sobre os feitos coñecidos e os feitos esclarecidos en Galicia

Dos 23 feitos coñecidos en Galicia, 12 producíronse na provincia da Coruña, 2 na provincia de Lugo, 4 na provincia de Ourense e 5 na provincia de Pontevedra.

Táboa 5: Número e tipoloxía das infraccións penais. Galicia. 2023

INFRACCIÓN PENAL	FEITOS COÑECIDOS
Acoso contra a liberdade das persoas	6
Ameazas	4
Asociación ilícita con fins de odio e discriminación	1
Coaccións	2
Humillación/menosprezo/des crédito contra a dignidade das persoas	1
Inxurias	3
Lesións	3
Promoción/incitación pública ao odio, hostilidade, discriminación	3
TOTAL	23

Fonte: Portal estatístico de criminalidade. Ministerio do Interior

Dos 23 feitos coñecidos, foron 15 os feitos esclarecidos segundo a tipoloxía de infraccións penais recollidas na táboa 5.

En canto ao lugar onde se produciron os feitos coñecidos, 9 dos casos ocorreron en vivendas, 7 en vías de comunicación, 5 en instalacións e 2 en establecementos.

Perfil da autoría

No ano 2023, na Comunidade Autónoma de Galicia, foron 3 as persoas detidas/investigadas en relación aos Incidentes de odio por orientación sexual e identidade de xénero: unha muller, con idade comprendida entre 41 e 50 anos, e dous homes, un con idade comprendida entre 26 e 40 anos e o outro con idade comprendida entre 51 e 65 anos.

Táboa 6: Perfil da autoría dos incidentes de odio por orientación sexual e identidade de xénero. Galicia. 2023

Idade do/da autor/a	Masculino	Feminino
De 26 a 40 anos	1	0
De 41 a 50 anos	0	1
De 51 a 65 anos	1	0
TOTAL	2	1

Fonte: Portal estatístico de criminalidade. Ministerio do Interior

Perfil da vítima

Tal e como se pode ver na táboa 7, entre as 21 vítimas identificadas en 2023, 19 foron homes, 3 deles menores de idade, e 2 foron mulleres, tamén menores de idade.

Táboa 7: Número, sexo e idade das vítimas. Galicia. 2023

	Masculino	Feminino
A CORUNA	10	0
Menores de idade	1	0
De 18 a 25 anos	4	0
De 26 a 40 anos	5	0
LUGO	2	0
De 41 a 50 anos	1	0
De 51 a 65 anos	1	0
OURENSE	3	0
Menores de idade	2	0
De 26 a 40 anos	1	0
PONTEVEDRA	4	2
Menores de idade	0	2
De 18 a 25 anos	1	0
De 41 a 50 anos	2	0
De 51 a 65 anos	1	0
TOTAL	19	2

Fonte: Portal estatístico de criminalidade. Ministerio do Interior

3.1.2. Informe da Valedora do Pobo

Introdución

Galicia aprobou a *Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia* cuxo obxectivo é garantir o principio de igualdade de trato e de non discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero das persoas homosexuais, bisexuais, transexuais, transxénero e intersexuais e que incorpora medidas destinadas á prevención, corrección e eliminación de toda discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero, nos sectores público e privado.

Esta norma, na súa Disposición Final Segunda faculta á Valedora do Pobo como autoridade independente para velar pola igualdade de trato e non discriminación por razón das causas previstas na mesma, tanto no sector público como no privado, mediante o exercicio, non só da supervisión das administracións, senón desenvolvendo funcións como prestar apoio ás persoas que puidesen sufrir discriminación para a tramitación das súas queixas ou reclamacións, constituírse en órgano de mediación ou conciliación, iniciar de oficio, ou a instancia de terceiros, investigacións sobre a existencia de posibles situacións de discriminación que revistan unha especial gravidade ou relevancia e colaborar co Defensor del Pueblo e as restantes institucións nacionais e internacionais.

A institución da Valedora do Pobo, no seu compromiso de levar adiante as tarefas encomendadas pola *Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia*, dunha maneira proactiva, tramitou as queixas, apoiando as persoas e os colectivos que loitan contra a discriminación e impulsando investigacións de oficio que poidan servir como ferramenta para evitala.

Esta entidade, ademais, emite un informe anual no que se recollen as denuncias recibidas, o traballo feito e as principais preocupacións da cidadanía. Este informe conta con seis capítulos, sendo o terceiro dos cales o referente a "queixas por área". Dentro deste capítulo, o informe conta cun apartado específico sobre "discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero". Así mesmo, este apartado está dividido en catro puntos: Introducción, Datos cuantitativos, Actividade de supervisión e

Resolucións e investigacións concluídas positivamente. A continuación preséntase unha versión resumida da información recollida no informe.

Datos cuantitativos

No ano 2023 houbo unha lixeira baixada no número de asuntos rexistrados en comparación co ano anterior, aínda que por riba de exercicios previos.

Tal e como se pode ver na táboa 8, foron 6 as queixas presentadas no ano 2023, das cales 3 foron admitidas a trámite, 1 non foi admitida e 2 foron remitidas ao Defensor do Pobo por facer referencia a áreas sobre as cales non hai competencias autonómicas. Unha delas referíase á non atención dunha denuncia por ameazas telefónicas susceptibles de constituír un delito de odio por parte da Garda Civil e a outra trataba o desacordo dunha parella de cidadás rusas refuxiadas respecto das condicións da vivenda que se lles facilitara por parte da ONG que tramitaba o seu acollemento.

Táboa 8: Número de queixas presentadas á Valedora do Pobo. Galicia. 2021-2023

	2021	2022	2023
Iniciadas	4	8	6
Admitidas	2	7	3
Non admitidas	-	-	1
Remitidas ao Defensor do Pobo	2	1	2

Fonte: Informe da Valedora do Pobo

A práctica totalidade dos expedientes tramitados directamente pola Valedora do Pobo referíanse a atrasos ou incidencias na atención sanitaria de persoas pendentes de cirurxía de afirmación de xénero.

En canto aos asuntos admitidos e tramitados directamente pola institución, tal e como se poder ver na táboa 9, concluíronse todos, así como un dos pendentes de 2022, permanecendo á espera de informe definitivo da Administración outro expediente. Só unha das queixas foi inadmitida ao se tratar dun asunto privado no que a institución non podía intervir directamente, aínda que se achegou información dos recursos a disposición da persoa que rexistrou o escrito.

Táboa 9: Situación das queixas presentadas á Valedora do Pobo. Galicia. 2023

Ano de presentación	En trámite a 31-12-2022	Reabertas	Total	Resoltas	En trámite a 31-12-2023
2022	2		2	1	1

Fonte: Informe da Valedora do Pobo 2023

Ámbito da saúde

No ámbito sanitario, unha das queixas máis salientables no ano 2023 foi a relativa ao **atraso nunha cirurxía de afirmación de xénero**, debido a que a paciente fora derivada inicialmente polo Servizo Galego de Saúde (SERGAS) ao Hospital Civil de Málaga.

O informe da Consellería de Sanidade (SERGAS) indicou que o proceso asistencial actual na Área Sanitaria da Coruña e Cee "é substancialmente distinto" ao que estaba en vigor no ano 2014.

Este cambio de procedemento baséase na Instrución 13/2017 da Consellería de Sanidade. Como resultado, en novembro de 2017 creouse un Comité Multidisciplinar na

Área Sanitaria. A función deste Comité é definir a abordaxe diagnóstico-terapéutico destes procesos (Protocolo XXIAC-PT-31).

Segundo o novo proceso, unha vez que o caso da paciente sexa valorado positivamente por este Comité, será derivada a Barnaclinic, centro que é a referencia actual para este tipo de intervencións e que ofrece "tempos de resposta máis rápidos que os do Hospital de Málaga".

O expediente concluíuse positivamente o 21/09/2023, xa que se estableceu o novo proceso de atención. Con todo, esta conclusión levouse a cabo "advertindo á persoa interesada que, se non recibía novas da Administración, se dirixise a ela para revisar o seu caso".

A Valedora do Pobo suxeriu á Consellería de Sanidade informar *ás persoas pendentes da súa situación na lista de agarda cirúrxica e dos tempos aproximados de espera, así como de implementar as medidas precisas para reducir a lista*. Esta suxestión foi aceptada pola Consellería de Sanidade.

Ámbito da xustiza

O informe de 2023 abordou os dous casos pendentes do ano anterior (2022), e un deles, relativo ás dificultades para proceder ao cambio de nome e sexo rexistral, especialmente cando se trata de menores de idade, concluíuse positivamente. O outro expediente continuaba en trámite a peche de 2023, sen que a súa temática específica fose detallada na actividade de supervisión.

A Valedora do Pobo solicitou no seu día colaboración informativa do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) para coñecer os detalles dos posibles atrasos na tramitación de expedientes de cambio de nome, especialmente no Rexistro Civil da Coruña.

A institución reiterou na valoración a importancia do afirmado polo Tribunal Supremo na Sentenza 658/2019, do 17 de decembro de 2019, que subliña que “o feito de figurar no Rexistro e nos documentos de identidade cun sexo distinto ao psicolóxico e que o seu nome non se corresponda co sexo que indica a súa aparencia externa, produce nas persoas transexuais a vulneración da súa dignidade e unha coerción ao libre desenvolvemento da personalidade”.

Ademais, na valoración fíxose referencia ao disposto na nova *Lei 4/2023, do 28 de febreiro, para a igualdade real e efectiva das persoas trans e para a garantía dos dereitos das persoas LGTBIQA+*. Esta normativa establece que, a partir dos 16 anos, non é obrigatorio presentar informes médicos ou psicolóxicos para o cambio de sexo no rexistro. Para menores entre 14 e 16 anos, requírese o acompañamento dos pais e titores legais, e entre 12 e 14 anos, necesítase autorización xudicial. Antes dos 12 anos, só se pode cambiar o nome rexistral.

No informe indícase que se realizará un seguimento e actualización destes casos.

3.2. OBSERVATORIO GALEGO LGTBIQ+

3.2.1. Denuncias remitidas ao Observatorio contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero

No ano 2023 o Observatorio LGBTIQ+ non recibiu ningunha denuncia de incidentes de odio por orientación sexual e/ou identidade de xénero.

Cabe sinalar que a función do Observatorio como órgano de denuncia aínda non é moi coñecida pola poboación galega e o número de denuncias anual **non é representativo dos casos reais de LGBTifobia** acontecidos na comunidade autónoma.

Dar a coñecer este organismo e as súas funcións, así como un traballo estreito de man das asociacións LGBTI na resolución dos casos denunciados pode ser un factor fundamental de cara a cumprir cos obxectivos do mesmo da maneira máis efectiva.

Na acta do pleno deste órgano colexiado celebrado o 12 de setembro de 2023 recóllense dúas cuestións salientables relacionadas con este tema.

Por unha banda a **formación en materia LGBTI dirixida ao persoal dos Centros de Información á Muller (CIM)** levada a cabo en 2023.

Os CIM son recursos permanentes das entidades locais que ofrecen asesoramento xurídico, atención psicolóxica e orientación profesional e sociolaboral. Segundo o *Decreto 130/2016, do 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia, así como para a modificación e extinción do seu recoñecemento*, contéplase como función dos CIM actuar como canle de comunicación entre as persoas usuarias e os organismos con competencias na atención e integración do colectivo LGBTI. Ademais, teñen a función de recepción de denuncias e queixas en materia de discriminación por razón da identidade ou orientación sexual (no ámbito da publicidade e medios de comunicación) e de trasladalas aos órganos competentes.

Neste marco, explícase que un dos obxectivos desta formación específica en materia LGBTI é que dito persoal poida recoller adecuadamente información sobre incidentes de odio que permita contar cun rexistro máis axustado da realidade do colectivo. Ademais, traballouse conxuntamente co persoal nun modelo de formulario para que poida remitir directamente denuncias ao Observatorio LGBTIQ+ nos casos nos que sexa precisa a actuación deste órgano.

Por outra banda, o Pleno do Observatorio está a traballar **coas asociacións** presentes no mesmo para establecer unha **ferramenta unificada que permita combinar a información da que dispoñen e recollela no informe** de incidentes de odio que se elabora cada ano.

3.2.2. Informe do Observatorio Coruñés contra a LGTBIfobia de ALAS A Coruña Asociación LGTBI+

O Informe Unha diversidade libre correspondente ao ano 2023 do Observatorio Coruñés contra a LGTBIfobia elaborado por ALAS A Coruña, complementa a información proporcionada polas fontes oficiais e ofrece unha perspectiva valiosa sobre as experiencias de discriminación e agresións sufridas pola comunidade LGBTI na comunidade autónoma, sendo a única asociación en Galicia que elabora un informe destas características.

Número de Incidentes e Agresións

Ao longo de 2023, o Observatorio de ALAS Coruña **rexistrou un total de 48 incidentes de odio**. Destes, **43 foron considerados agresións dirixidas cara á comunidade LGBTI galega**. Neste informe, considéranse agresións os incidentes de odio de tipo verbal,

físico e verbal, acoso e agresión sexual, excluindo os danos patrimoniais e a denegación de servizos.

Segundo se destaca no informe, por segundo ano consecutivo, o **número total de incidentes de odio rexistrados polo servizo diminuíu**, aínda que **estes incidentes tiveron cada ano un maior compoñente violento**. No ano 2023, os casos de incidentes e agresións rexistrados reducíronse á metade en relación a 2022.

Tipoloxía dos Incidentes de Odio

En 2023, a tipoloxía de incidentes de odio rexistrada polo Observatorio de ALAS A Coruña foi a seguinte:

Táboa 10: Incidentes de odio segundo a súa tipoloxía. Galicia. 2023

TIPOLOXÍA DOS INCIDENTES	NÚMERO DE INCIDENTES
Verbal	23
Física e verbal	14
Acoso	5
Danos contra o patrimonio	4
Agresión sexual	1
Denegación de servizos	1
TOTAL	48

Fonte: Informe Unha diversidade libre 2023

Espazos onde ocorren os Incidentes

Por cuarto ano consecutivo, o informe indica que **a vía pública foi o lugar onde se produciu a maior parte dos incidentes de odio**. Por segundo ano, **os incidentes ocorridos no fogar ocuparon a segunda posición**. En terceiro lugar, os incidentes reportados no ámbito educativo, en espazos de lecer e no sector sanitario.

Táboa 11: Incidentes de odio segundo a súa tipoloxía. Galicia 2023

ESPAZOS ONDE TEÑEN LUGAR	NÚMERO DE INCIDENTES
Vía pública	11
Ámbito doméstico	9
Ámbito educativo	6
Ámbito do lecer	6
Ámbito sanitario	6
Redes sociais	5
Ámbito administrativo	3
Ámbito laboral	2
TOTAL	48

Fonte: Informe Unha diversidade libre 2023

Distribución Xeográfica dos Incidentes

A distribución xeográfica dos incidentes rexistrados foi a seguinte:

- A **cidade da Coruña** foi escenario do 31,25% dos incidentes (**15 casos**).
- A **comarca da Coruña** rexistrou **2** incidentes (fronte a 4 en 2022), ocorridos nos concellos de Cambre e Oleiros.

- O **resto do territorio galego** (Galicia, sen contar A Coruña cidade e comarca) representou o 60,42% do total de incidentes (**29** casos) volvendo a encabezar esta clasificación no "mapa de odio", o cal non é sorprendente dado que suma máis poboación e territorio que a segunda urbe galega.
- Ademais, rexistrouse **1 incidente en España** (na cidade de Valencia), que foi derivado a unha entidade local (Lambda, pertencente á FELGTBI+).
- En **1 incidente a localización foi descoñecida** debido a que a persoa afectada decidiu non compartir este dato co equipo do Observatorio.

4. CONCLUSIÓNS

O ano 2023 supuxo un **incremento significativo nos incidentes de odio por orientación sexual e identidade de xénero a nivel autonómico**, rexistrándose 23 casos en Galicia. Este dato é o máis alto da serie analizada dende 2016, igualando o dato de 2021, e sitúa esta como a terceira causa máis frecuente de incidentes de odio na comunidade, representando o 20% do total, só por debaixo do racismo/xenofobia (31%) e a ideoloxía (30%). A nivel estatal, tamén se observou un aumento, con 521 incidentes de odio por orientación sexual e identidade de xénero, 57 casos máis que en 2022.

Malia este incremento nos datos rexistrados, cómpre ter en conta o papel que pode xogar o fenómeno da **infradenuncia**, xa salientado no informe de 2022. Segundo a EU LGBTI Survey II. A long way to go for LGBTI equality (Axencia da Unión Europea para os Dereitos Fundamentais, 2020), menos do 10 % das vítimas de agresións LGBTIfóbicas

chegan a presentar denuncia e unha parte significativa deses casos denunciados non constan como incidentes LGBTIfóbicos.

En canto á situación de discriminación que enfrontan as persoas trans e o colectivo LGBTI nos servizos públicos galegos, o Informe da Valedora do Pobo correspondente ao 2023 reflicte unha continuidade de problemáticas específicas. A práctica totalidade dos expedientes tramitados directamente pola Valedora do Pobo referíronse a atrasos ou incidencias na atención sanitaria de persoas pendentes de cirurxía de afirmación de xénero. A Valedora suxeriu á Consellería de Sanidade "informar, de forma xeral neste caso en concreto, ás persoas pendentes da súa situación na lista de espera cirúrxica e dos tempos aproximados de espera, así como de implantar as medidas precisas para reducir a lista", suxestión que foi aceptada.

No ámbito da Xustiza, o Informe da Valedora do Pobo de 2023 abordou un expediente pendente do ano anterior. O asunto relacionado coa **dificultade para o cambio de nome e sexo rexistral cando se trata de menores** concluíuse positivamente. Na valoración deste caso, a Valedora do Pobo reiterou a relevancia da Sentenza 658/2019 do Tribunal Supremo, que subliña que o feito de figurar no Rexistro cun sexo distinto ao psicolóxico produce nas persoas trans a "vulneración da súa dignidade e unha coerción ao libre desenvolvemento da personalidade". Ademais, a Valedora lembrou o disposto na nova *Lei 4/2023, do 28 de febreiro, para a igualdade real e efectiva das persoas trans*, subliñando que esta regulación introduce cambios para **simplificar o proceso de cambio de datos rexistrais** co obxectivo de evitar calquera dilación no trámite.

Con respecto ao ***Observatorio contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero***, no ano 2023 **non recibiu ningunha denuncia** de incidentes de odio por orientación sexual e/ou identidade de xénero. Este feito suxire que a función do Observatorio LGBTIQ+ como órgano de denuncia aínda non é amplamente coñecida pola poboación galega e que o número de denuncias anuais recibidas por esta vía non é representativo da realidade da LGBTIfobia na comunidade autónoma. Polo tanto, faise necesario **dar a coñecer este organismo e as súas funcións, así como a implicación do persoal dos CIM na atención e canalización de denuncias, ademais de promover un traballo máis estreito coas asociacións LGBTI** para cumprir cos seus obxectivos de forma efectiva.

En definitiva, no ano 2023, ademais de rexistrarse un aumento nos incidentes de odio rexistrados polas forzas de seguridade, segue a poñerse de manifesto a **persistencia da discriminación contra o colectivo LGBTIQ+** en Galicia. Esta discriminación manifestouse, segundo os expedientes tramitados pola Valedora do Pobo, en **problemáticas na prestación efectiva de determinados servizos públicos**, especialmente nos **atrasos e incidencias na atención sanitaria das persoas trans**, e nas **dificultades burocráticas no ámbito xudicial** para o cambio rexistral. Esta realidade require un compromiso continuado e o **reforzo dos mecanismos de protección e visibilidade do colectivo**. A necesidade de mellorar o coñecemento e a efectividade dos organismos de loita contra a discriminación é fundamental para confrontar a violencia e asegurar a súa **plena inclusión**.



XUNTA
DE GALICIA